



NOTA DE PRENSA 8 de octubre 2020

Finaliza a vendima da vértixe con 5.244.049 quilos recollidos

Este mércores, 7 de outubro, entraron en adega as últimas uvas recollidas na D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, o que dá por **finalizada a campaña oficialmente**. A día de hoxe, cando todas as adegas terminaron coa recollida de uva, os datos de quilos de uva por variedade son os seguintes:

Variedades tintas:

- Mencía: 4.296.530 k
- Garnacha: 134.607 k
- Sousón: 112.462 k
- Brancellao: 51.574 k
- Merenzao: 50.072 k
- Caíño: 28.424 k
- Tempranillo: 25.024 k
- Mouratón: 5.355 k
- Grao Negro: 1.425 k

Variedades brancas:

- Godello: 412.948 k
- Albariño: 62.717 k
- Treixadura: 44.125 k
- Dona Branca: 8.875 k
- Branco lexítimo 4.430 k
- Torrontés: 3.060 k
- Loureira: 2.511 k

TOTAL DE KGS RECOLLIDOS: 5.244.049

Despois de que o 2019 fora o ano da vendima máis abundosa na D.O. Ribeira Sacra, a campaña 2020 péchase segundo as previsións despois dun ano complicado, "Tivemos unha primavera moi chuviosa cunhas temperaturas atípicas e os fungos atacaron máis do normal. Foi un ano complicado onde se cumpriron as expectativas dun ano difícil con condicións climáticas adversas. Despois da colleita máis abundosa tamén a natureza se autorregulou e todo está dentro do esperado, cun pouco menos dun 15% menos de colleita dun ano normal. 5 millóns 200.000 quilos recollidos nunha campaña cunhas condicións meteorolóxicas que contribuíron ao estado óptimo da uva e á fixación da súa acidez," afirma o **Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez**.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 8 de octubre 2020

Con todo a D.O. supera a colleita do 2013 e do 2014 onde non se chegou ao 5 millóns de quilos. No 2015 recolléronse 6.227.365 quilos, no 2016 recolléronse 5.585.306 quilos; no 2017 foron 5.515.694 e no 2018 chegouse a 6.170.995. No 2019 fora a vendima histórica de 51 días recollendo uva para facerse con máis de 7.200.00 quilos.

A D.O. Ribeira Sacra deixa atrás unha vendima temperá, sen superar á do 2017 que comezaba o 19 de agosto, e unha **campaña na que se tivo que afrontar á pandemia**, como sinala José Manuel Rodríguez, "A pandemia non tivo incidencia durante a vendima, pero si no coidado das viñas; en moitos casos trátase de economías complementarias de xente que non está aquí e que tivo problemas de desprazamentos para atender a viña. Polo demais a vendima comezou antes e terminou antes cunha uva en excelente estado sanitario e con moi bo grao porque nesta D.O. o tema da maduración non é un problema."

O ano pasado tras rematar a vendima, a Denominación preparábase para acoller a **XXIV Asemblea Xeral da Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV)**, neste ano de pandemia toca seguir concentrados nun viño que o mercado nacional seguiu demandando, "Agora toca centrarse en coidar o viño, que o viño que se meteu nas cubas se manteña e traballar para o mercado e poder vendelo. Despois dun ano de vendas no que a D.O. Ribeira Sacra foi un caso afortunadamente atípico no mercado nacional e influíu menos que noutros lados o tema da Covid. A pesar das dificultades soubemos seguir estando aí cun produto de alto nivel," asegura José Manuel Rodríguez.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org